

## ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

**ASUNTO: CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DE ACTIVIDADES EXTRAESOLARES E COMPLEMENTARIAS QUE LEVA A CABO A CONCELLERÍA DE EDUCACIÓN NOS CEIPS DO CONCELLO DE LUGO DENTRO DO PROGRAMA: “UNHA ESCOLA ABERTA”. Apertura de ofertas económicas.**

Sendo as 13:00 horas do día 31 de xullo de 2014, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida pola Ilma Sra Tenenta de Alcalde e Concelleira delegada da área de Economía, Emprendedores, Autónomos e Educación, dona Sonia Méndez García, actuando como vocais, dona Esther Muñoz Mella, en representación do Grupo Municipal do Partido Socialista PSG-PSOE, dona Paz Abraira Sobrado, polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, don Ángel Trabada Gómez, polo Grupo Municipal do Partido Popular, don Marcial Rodríguez Toajas, Interventor Municipal do Concello de Lugo, dona Ana Isabel Sáez Mancebo, letrada asesora da Asesoría Xurídica do Concello de Lugo e actuando como secretaria dona Ana Tabarés Martínez, Técnico do servizo de contratación, patrimonio e fomento do Concello.

Abre a sesión a Sra Presidenta e a Sra. Secretaria da conta das empresas admitidas á licitación e a continuación procédese á apertura dos sobres B (oferta económica suxeita a criterios avaliábeis automaticamente):

- **A BILLARDA, S.L., oferta os seguintes prezos para a primeira anualidade do contrato:**

### **A) CATEGORÍAS PROFESIONAIS**

- Coordinador (profesor):

- Prezo **(0,01 €)** un céntimo de euros/hora, IVE excluído e que aplicado a 1.302 horas estimadas do contrato resulta un total anual de **13,02 euros IVE excluído**.

- Instructor/a experto/a:

- Prezo **(13 €)** trece euros/hora IVE excluído e que aplicado a 2.176 horas estimadas do contrato resulta un total anual de **28.288 euros IVE excluído**.

- Monitor-animador:

## CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/cbg

Refª: acta económica

Asunto:

- Prezo (**10,45 €**) IVE excluído e que aplicado a 15.000 horas estimadas do contrato resulta un total anual de **156.750 euros, IVE excluído**.

Resultando un **total de orzamento ofertado** para a globalidade do contrato de **185.051,02 euros anuais IVE excluído** ó que sumado o IVE (10%) resulta un prezo máximo anual do contrato de **203.556,12 euros, IVE incluído**.

### Con respecto ás melloras:

**B) Oferta 200 horas anuais** para o **reforzo das actividades extraescolares** (custo/hora: 14 euros), IVE excluído, resultando un custo total desta mellora de **2.800 euros IVE excluído**.

**C) Oferta 4.000 horas anuais** para **reforzo do servizo de apoio ao comedor** (custo/hora: 9,53 euros, IVE excluído, resultando un custo total desta mellora de **38.120 euros IVE excluído**.

- **V2 COMPLEMENTOS AUXILIARES, S.A., oferta os seguintes prezos para a primeira anualidade do contrato:**

### **A) CATEGORÍAS PROFESIONAIS**

- Coordinador (profesor):

- Prezo (**13,51 euros/hora**) IVE excluído e que aplicado a 1.302 horas estimadas do contrato resulta un total anual de (**17.590,02 euros IVE excluído**).

- Instructor/a experto/a:

- Prezo (**12,93 euros/hora**) IVE excluído e que aplicado a 2.176 horas estimadas do contrato resulta un total anual de (**28.135,68 euros IVE excluído**).

- Monitor-animador:

- Prezo (**9,52 euros/hora**) IVE excluído e que aplicado a 15.000 horas estimadas do contrato resulta un total anual de (**142.800 euros, IVE excluído**).

Resultando un **total de orzamento ofertado** para a globalidade do contrato de **188.525,70 euros anuais IVE excluído** ó que sumado o IVE (10%) resulta un prezo máximo anual do contrato de **207.378,27 euros IVE excluído**.

### Con respecto ás melloras:

**B) Oferta 100 horas anuais para o reforzo das actividades extraescolares** (custo/hora: 12,93 euros, IVE excluído, resultando un custo total desta mellora de **1.293,00 euros IVE excluído**.

**C) Oferta 500 horas anuais para reforzo do servizo de apoio ao comedor** (custo/hora: 9,52 euros, IVE excluído, resultando un custo total desta mellora de **4.760,00 euros IVE excluído**.

- **SERVIPLUS TOTAL, S.L.U., oferta os seguintes prezos para a primeira anualidade do contrato:**

#### **A) CATEGORÍAS PROFESIONAIS**

- Coordinador (profesor):

- Prezo (**14,30 euros/hora**) IVE excluído e que aplicado a 1.302 horas estimadas do contrato resulta un total anual de **16.618,60 euros IVE excluído**.

- Instructor/a experto/a:

- Prezo (**13,15 euros/hora**) IVE excluído e que aplicado a 2.176 horas estimadas do contrato resulta un total anual de **28.614,40 euros IVE excluído**.

- Monitor-animador:

- Prezo (**10,74 euros/hora**) IVE excluído e que aplicado a 15.000 horas estimadas do contrato resulta un total anual de **161.100 euros, IVE excluído**.

Resultando un **total de orzamento ofertado** para a globalidade do contrato de **208.333 euros anuais IVE excluído** ó que sumado o IVE (10%) resulta un prezo máximo anual do contrato de **229.166,30 euros IVE excluído**.

#### **Con respecto ás melloras:**

**B) Oferta 160 horas anuais para o reforzo das actividades extraescolares** (custo/hora: 13,15 euros, IVE excluído, resultando un custo total desta mellora de **2.104 euros IVE excluído**.

**C) Oferta 475 horas anuais para reforzo do servizo de apoio ao comedor** (custo/hora: 10,74 euros, IVE excluído, resultando un custo total desta mellora de **5.101,50 euros IVE excluído**.

**CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO**

MLA/cbg

Refª: acta económica

Asunto:

Así pois as puntuacións quedan resumidas no seguinte cadro de puntuacións:

EMPRESAS	OFERTA ECONÓMICA	MELLORAS		TOTAL PUNTOS
		Reforzo actividades Extraescolares	Servizo de apoio ao comedor	
<b>A BILLARDA, S.L.</b>	8 ptos	1 pto	1 pto	<b>10,00 ptos</b>
<b>V2 COMPLEMENTOS AUXILIARES</b>	2,59 ptos	0,80 ptos	0,12 ptos	<b>3,51 ptos</b>
<b>SERVIPLUS TOTAL, S.L.U.</b>	7,19 ptos	0,50 ptos	0,13 ptos	<b>7,82 ptos</b>

Á vista das proposicións presentadas pola empresas, os integrantes da mesa acordan por unanimidade seleccionar como oferta economicamente máis vantaxosa a ofertada pola **empresa A BILLARDA, S.L.**

Sen mais que manifestar, conclúese o acto ás 14:00 horas no lugar sinalado no encabezamento.

A PRESIDENTA

A SECRETARIA

Asdo: Sonia Méndez García

Asdo: Ana Tabarés Martínez